

## **BASES DA PROMOCIÓN "RASCA E GAÑA" DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTE E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO**

A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTE E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO producirá un total de 8.500 papeletas "Rasca e Gaña" mediante os que se sortearán 1.420 premios, e entregará 50 boletos a cada un dos seus establecementos asociados.

O reparto de boletos aos clientes efectuarase entre o 27 e o 31 de maio de 2019 ou ata fin de existencias nos comercios e empresas pertencentes á asociación.

Para que o boleto teña validez é imprescindible que estea selado polo establecemento emisor. Será criterio do responsable do establecemento comercial decidir o número de boletos a entregar a cada cliente segundo o volume de compra e ata finalizar as existencias.

### **PREMIOS:**

- 1.400 bolsas tela de algodón reutilizables.
- 10 acebecheques 50 € cada un.
- 10 acebecheques de 100 €.

No caso de atopar un premio nunha papeleta o interesado terá que dirixirse co boleto premiado á oficina de de ACEBE CCA, ubicada na Pza. Mestre Xosé Dapena Nº 1 de Betanzos, en horario de 10:00 a 14:00 h. de luns a venres, onde o persoal da oficina se ocupará de xestionar a entrega do agasallo. En ningún caso os premios serán canxeables polo seu valor en efectivo. Non se considerarán válidos os boletos premiados cando nos mesmos se aprecien roturas, tachaduras, enmendas ou deterioros, ou cualquera outra alteración ou manipulación que impida ou dificulte a súa total e perfecta identificación e autenticación como boletos premiados.

Os gañadores dos acebecheques terán que confirmar a aceptación do premio por escrito para poder recibilo mediante a sinatura dun documento que lles entregará ACEBECCA.

Os premios dos acebecheques estarán suxeitos a ingreso a conta do IRPF, que correrá a cargo de ACEBE.CCA.

### **CONDICIÓNS XERAIS DA PROMOCIÓN:**

Non poderán participar na promoción o titular, os empregados ou ascendentes/descendentes directos do titular do establecemento emisor do boleto. Si poderán participar nos emitidos por outros establecementos asociados. Non poderán participar en ningún caso os empregados de ACEBE.CCA nin os membros da Xunta Directiva da Asociación. Os premios só poderán ser entregados a maiores de idade. No caso de que algún premiado sexa menor de 18 anos a entrega realizarase ós seus titores legais, que deberán acreditar documentalmente a súa condición.

Os acebecheques só se poderán canxear nos establecementos asociados a ACEBE CCA. O listado de establecementos estará dispoñible a través da páxina web [www.comerciodebetanzos.com](http://www.comerciodebetanzos.com).

A data límite para reclamar o premio é o 12 de xullo de 2019.

Os concursantes poderán consultar as bases do presente sorteo durante o período no que estea vixente a promoción na páxina web [www.comerciodebetanzos.com](http://www.comerciodebetanzos.com).

Os premiados autorizan a ACEBE CCA para utilizar publicamente o seu nome e imaxe en medios e en calquera soporte divulgativo relacionado coa Campaña "RASCA E GAÑA" de ACEBE.CCA.

A participación no sorteo implica a aceptación íntegra das bases.